



## **BORRADOR DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA**

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia sinala no seu Capítulo II (Entidades Instrumentais do sector público Autonómico), concretamente no artigo 58.2, que “ A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal coma da proposta de relación de postos de traballo serán acordadas polos órganos superiores de goberno e dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública, e a contratación será decidida polo órgano que sinala a súa normativa específica ou os seus estatutos. En todo caso, a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal.”

O Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia (DOG nº 9 do 13 de xaneiro) establece no seu artigo 9.1. que “O Consello Reitor da entidade, de acordo co disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, exerce as seguintes atribucións: .... i) Aprobar a proposta de relación de postos de traballo do persoal ao servizo da entidade Augas de Galicia.”

E o artigo 29.4 do antedito Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, sinala que “A aprobación e modificación da proposta de relación de postos de traballo será acordada polo Consello Reitor da entidade, por proposta da persoa titular da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública. En todo caso, a aprobación da relación de postos de traballo con persoal funcionario e/ou laboral da Xunta de Galicia estará sometida na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia sobre modificacións ou aprobacións destes instrumentos de planificación de persoal.

Con base nos anteriores preceptos legais e tendo en conta as necesidades organizativas e funcionais da entidade pública empresarial Augas de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, faise necesaria a modificación da súa actual relación de postos de traballo.

A modificación que se propón é a seguinte:

### **A.- POSTOS DE LIBRE DESIGNACIÓN**

Clasifícanse de libre designación os postos que a seguir se relacionan, en aplicación do criterio de excepcionalidade que na marxe se indica, de conformidade co previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e co disposto na Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da



Función Pública, pola que se ditan instrucións para tramitar as relacións de postos de traballo e determinar os criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

<i>Código do posto</i>	<i>Denominación do posto</i>	<i>Criterio</i>
MA.A99.20.000.15001.001	Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia:</li> <li>Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.</li> </ul>
MA.A99.20.000.15770.001	Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia	
MA.A99.20.000.27001.001	Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia	
MA.A99.20.000.32001.001	Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia	
MA.A99.20.000.36560.001	Xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia	
MA.A01.00.002.15770.051	Servizo Exec. da Planif. e Explotación de Sistemas	
MA.A01.00.002.15770.061	Servizo de Planificac. e Programación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia:</li> </ul>



Código do posto	Denominación do posto	Criterio
	Hidrolóxica	A coordinación ou dirección de funcionarios que, como titulares dun posto, exercen sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia

A calificación dos postos de xefe de Servizo Territorial de Augas de Galicia como libre designación fundamentase, concretamente, no artigo 25.1 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia que dispón: *“Son competencias dos servizos territoriais de Augas de Galicia das zonas hidrográficas de Galicia-Norte, Galicia-Centro e Galicia-Sur, nos seus respectivos ámbitos territoriais, respectándose en todo momento o principio de unidade de xestión de bacía hidrográfica, as seguintes:*

*a) Representar a Augas de Galicia no seu respectivo ámbito territorial e velar polo cumprimento e correcta aplicación de todas as disposicións, instrucións e ordes que diten os órganos de goberno e administrativos da entidade.”*

En canto ao Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, a calificación deste posto como libre designación obedece ao disposto no artigo 17 A) do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que establece como un das competencias de Augas de Galicia en materia e Planificación *“h) A elaboración dos plans de seca e dos plans de xestión de risco por asolagamento, a coordinación dos plans de emerxencia dos abastecementos urbanos coa obriga de emitir informe sobre eles e a execución de actuacións en situacións extraordinarias”*.

Estas funcións conlevan a necesaria coordinación con protección civil ditando instrucións ou comunicando alertas ao 112 para evitar danos a persoas e bens que poden afectar á esfera xurídica individual en situacións de inundacións e seca.

En canto ao Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, a calificación deste posto como libre designación obedece ao disposto no artigo 17 B) do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que establece como un das competencias de Augas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas *“m) As competencias establecidas en materia de Augas relativas á seguridade de presas e encoros na demarcación hidrográfica Galicia-Costa”*.

A Disposición adicional terceira do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia dispón que:



“b) Ademais, Augas de Galicia exercerá en relación con todas as presas, encoros e balsas situadas no dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa as seguintes competencias en materia de seguridade:

3º. Avaliar o contido das revisións de seguridade e dos informes de seguridade.

4º. Establecer, por razóns de seguridade, condicionantes á explotación ordinaria e ordenar baleirados parciais ou totais.

5º. Velar polo cumprimento de todas e cada unha das obrigas que en materia de seguridade corresponden aos titulares das presas, encoros e balsas.”

Estas funcións tamén se enmarcan no Plan de xestión do risco de inundacións da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 19/2016, do 15 de xaneiro.

Os plans de emerxencia da cada unha das presas intégranse no Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26.09.2016.

Estas funcións conlevan a necesaria coordinación con protección civil ditando instrucións para evitar danos a persoas e bens que poden afectar á esfera xurídica individual en situacións de rotura de presas.

## **B.- MODIFICACIÓNS POSTOS DE RPT DERIVADOS DO DECRETO 167/2015, DO 13 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.**

A Disposición adicional cuarta do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio suprimía a Subdirección Xeral de Programación e Proxectos prevista no Decreto 108/1996, do 29 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do organismo autónomo de Augas de Galicia. As funcións desta subdirección pasaron a ser asumidas pola Xerencia da entidade, creada, así mesmo, na Disposición derradeira primeira do antedito Decreto 167/2015, como órgano executivo, modificando o punto segundo do artigo 5 do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que queda redactado como segue:

“Son órganos executivos a Dirección e a Xerencia.”

Polo tanto, cómpre facer a seguinte modificación nas unidades administrativas de Augas de Galicia:

RPT VIXENTE		MODIFICACIÓN PROPOSTA	
CÓDIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO	UNIDADE ADMINISTRATIVA
MA.A01.00.002.15770	SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMACIÓN E PROXECTOS	MA.A01.00.002.15770	XERENCIA



Esta modificación das unidades administrativas da entidade implica a creación do posto de xerente, como un posto de persoal directivo, de acordo co disposto na Disposición derradeira segunda do Decreto 167/2015 que engade un artigo 16 bis ao Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, co seguinte contido:

*“16 bis. A Xerencia*

*1. De acordo co previsto no artigo 65.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Xerencia da entidade será nomeada e separada polo Consello Reitor, por proposta da persoa titular da súa presidencia, de entre persoal funcionario ou persoal laboral da Xunta de Galicia ou das entidades do sector público autonómico que reúnan os requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica necesarios para o exercicio do cargo e de acreditada experiencia.*

*2. A xerencia, cargo asimilado á Secretaría Xeral prevista no artigo 65.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, terá retribucións equivalentes a un posto de subdirector xeral e será nomeado polo procedemento establecido na normativa vixente en materia de función pública.”*

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	OBSERV
MA.A01.00.002.15770.001	XERENTE	2	PD	A1	ALTA DIRECCIÓN/FUNCIONARIO	

Esta creación financíase, obviamente, coa amortización do posto de Subdirector Xeral de Programación e Proxectos.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	OBSERV
MA.A01.00.002.15770.001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE PROGRAMACIÓN E PROXECTOS	30	LD	A1	A2 ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	A11	2004	

**C.- CREACIÓN DE POSTOS PARA ADSCRIBIR A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO**

Dende a última modificación da relación de postos de traballo de Augas de Galicia, aprobada no DOG nº 152 do 9 de agosto de 2011, doce traballadores foron declarados por resolucións xudiciais firmes persoal laboral indefinido non fixo da Xunta de Galicia sen que houbose postos axeitados para proceder á súa adscrición.

Augas de Galicia foi dando cumprimento nos seus propios termos ás anteditas sentenzas, encadrando a estes traballadores no Grupo correspondente dentro do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta



de Galicia e aboándolles as súas retribucións como persoal laboral indefinido con cargo á aplicación 08.82.542B.133 dos orzamentos xerais da entidade.

A dotación económica para dar cumprimento ás sentenzas e aboar os salarios destes traballadores procedía de transferencias consolidables do Capítulo VI do orzamento de gastos.

Por outra parte, o artigo 28 da Lei 2/2018, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 sinala que “As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir a el o persoal afectado.”

“Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma serán creados como de persoal funcionario, agás que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.”

Co fin de dar cumprimento ao antedito artigo, de acordo coa natureza das súas funcións e o carácter administrativo dos postos, e existindo dotación orzamentaria, procede a creación de doce postos de traballo de persoal funcionario derivados doutras tantas sentencias xudiciais firmes nas que se declaraba a existencia dunha cesión ilegal de traballadores e se recoñecía á parte actora a condición de persoal laboral indefinido non fixo da Xunta de Galicia.

Os postos de traballo de nova creación a engadir en execución destas sentenzas xudiciais firmes son os seguintes:

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO**

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUP O	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Ana Karina Barja Núñez	MA.A01.00.001.15770.004	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	A1 XERAL	AXG	---	----	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela do 16.06.2010 ditada no Procedemento 629/2008 (confirmada en suplicación pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 10.06.2013 no recurso de suplicación nº 4480/2011) que estima no seu fallo a demanda presentada por D<sup>a</sup> Ana Karina Barja Nuñez “...e en consecuencia: Condénase ás demandadas a recoñecer á demandante a condición de persoal laboral indefinido na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Augas de Galicia), coa categoría de titulado superior-licenciado en dereito e antigüidade dende o 1 de febreiro de 2005, co recoñecemento de ditos servizos para os efectos de trienios devengados.”

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUP O	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
------	-----------------	--------------	------	-------------	--------	---------------	-------------	----------	--------------	--------



Rocío Rey Fernández	MA.A01.00.001.15770.009	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESE5 ESCALA ENX. ESPECIAL. ENX. MONTES	AXG	2007	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
---------------------	-------------------------	------------------------	----	---	----	--	-----	------	-----	---

Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 1.03.2012 ditada no Procedemento 994/2009, que estima no seu fallo a demanda presentada por Dª Rocío Rey Fernandez e, en consecuencia, "...condena ás demandadas a recoñecer á demandante a condición de persoal laboral indefinido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia) coa categoría profesional de titulado superior e cunha antigüidade de 15/05/2008 ....".

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Raquel Piñeiro Rebolo	MA.A01.00.001.15770.020	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESC1 ESCALA CIENCIAS ESPECIAL. BIOLOXÍA	AXG	2021	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela do 4.06.2012 ditada no Procedemento 788/2011, que estima no seu fallo a demanda presentada por Dª Raquel Piñeiro Rebolo "...e en consecuencia apreciando a existencia de cesión ilegal e formulando a opción a traballadora a favor de ser persoal da Xunta d Galicia, condeno ás demandadas a recoñecer á actora a condición de persoal laboral indefinido non fixo da Xunta de Galicia na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia) coa categoría de titulada superior bióloga, pertencente ao Grupo I, categoría 10 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, cunha antigüidade do 1 de xullo de 2008 e con todos os dereitos e consecuencias inherentes á dita declaración."

### SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROGRAMACIÓN E PROXECTOS

(A Subdirección Xeral de Programación e Proxectos foi suprimida polo Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pasando a ser asumidas as súas funcións polo Xerente da entidade).

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Rubén Alvar Fernández	MA.A01.00.002.15770.017	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESE1 ESCALA ENX. ESPECIAL. ENX. CAMIÑOS	AXG	2004	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 1.03.2012 ditada no Procedemento 983/2009, que estima no seu fallo a demanda presentada por D. Rubén Alvar Fernández e, en consecuencia, "...condena ás demandadas a recoñecer ao demandante a condición de persoal laboral indefinido na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia) coa categoría de titulado superior e cunha antigüidade de 03/06/2008 ....".

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Sonia Botana Soto	MA.A01.00.002.15770.018	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESE1 ESCALA ENX. ESPECIAL. ENX. CAMIÑOS	AXG	2004	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela do 4.06.2012 ditada no Procedemento 789/2011, que estima no seu fallo a demanda presentada por Dª Sonia Botana Soto "...e en consecuencia apreciando a existencia de cesión ilegal e formulando a opción a traballadora a favor de ser persoal da Xunta de Galicia, condeno ás demandadas a





*recoñecer á actora a condición de persoal laboral indefinido non fixo da Xunta de Galicia na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Aguas de Galicia) coa categoría de titulada superior, pertencente ao Grupo I, categoría 4 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, cunha antigüidade do 5 de novembro de 2007 e con todos os dereitos e consecuencias inherentes á dita declaración.”*

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Olalla Mosquera Barreiro	MA.A01.00.002.15770.019	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESE1 ESCALA ENX. ESPECIAL. ENX. CAMIÑOS	AXG	2004	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

*Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 16.04.2015 ditada no Procedemento 290/2011, que estima íntegramente no seu fallo a demanda presentada por Dª Olalla Mosquera Barreiro, sinalando que “...debo condenar y condeno a las demandadas a reconocerle a la demandante la condición de personal laboral indefinido de la XUNTA DE GALICIA, en la CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, al servicio de la entidad pública empresarial AUGAS DE GALICIA, con la categoría de titulada superior correspondiente al Grupo I Categoría 4 del V Convenio Colectivo Único del Personal Laboral de la XUNTA DE GALICIA, con una antigüedad en los servicios para la XUNTA DE GALICIA de 21 de febrero de 2007, con todos los derechos y consecuencias legales inherentes a dicha declaración.”*

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Judith Noelle Poncet	MA.A01.00.002.15770.021	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	C	A1	ESC1 ESCALA CIENCIAS ESPECIAL. BIOLOXÍA	AXG	2021	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

*Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Santiago de Compostela do 26.01.2016 ditada no Procedemento 310/2011, que estima íntegramente no seu fallo a demanda presentada por Dª Judith Noelle Poncet, sinalando que “...debo condenar y condeno a las demandadas a reconocerle a la demandante la condición de personal laboral indefinido de la XUNTA DE GALICIA, en la CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, al servicio de la entidad pública empresarial AUGAS DE GALICIA, con la categoría de titulada superior correspondiente al Grupo I Categoría 10 del V Convenio Colectivo Único del Personal Laboral de la XUNTA DE GALICIA, con una antigüedad en los servicios para la XUNTA DE GALICIA de 08 de septiembre de 2008, con todos los derechos y consecuencias legales inherentes a dicha declaración.”*

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Eugenia Martín Vicente	MA.A01.00.002.15770.022	POSTO BASE SUBGRUPO C1	14	C	C1	A1 XERAL	AXG	---	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

*Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 12.04.2011 ditada no Procedemento 151/2009, que acolle no seu fallo a demanda interposta por Dª Eugenia Martín Vicente “...declarando a existencia dunha cesión ilegal de traballadores, entre as empresas demandadas, e declarando que a actora está vinculada coa Xunta de Galicia- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, como traballadora indefinida non fixa, dende o 17-10-2002, ca categoría profesional de administrativa Grupo 62, con todos os dereitos inherentes a esta condición de laboral indefinida, incluíndo os económicos de aplicación.”*

**DEMARCAÇÃO GALICIA-CENTRO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)**





NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
M <sup>a</sup> José Mosquera Fernández	MA.A99.20.000.15770.008	<b>POSTO BASE SUBGRUPO A1</b>	20	C	A1	A1 XERAL	AXG	---	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 28.05.2013 ditada no Procedemento 909/2009 (e acumulado 982/2009), que estima no seu fallo a demanda presentada e, en consecuencia, “...Apreciando a existencia de cesión ilegal e despois de formular as traballadoras a opción a favor de ser persoal da Xunta, condeno ás demandadas a recoñecer ás actoras a condición de persoal laboral indefinido da Xunta de Galicia na Consellería de Medio, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), Dña. M<sup>a</sup> José Mosquera Fernández coa categoría de Titulado Superior (licenciada en Ciencias Políticas e da Administración) pertencente ao grupo I, categoría 4 do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia cunha antigüidade do 3 de xullo de 2006 e a ..., e con todos os dereitos e consecuencias inherentes á devandita declaración, incluído o recoñecemento dos devanditos servizos para os efectos de trienios percibidos....”.

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Cristina Menéndez Montero	MA.A99.20.000.15770.009	<b>POSTO BASE SUBGRUPO A2</b>	16	C	A2	A1 XERAL	AXG	---	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela do 28.05.2013 ditada no Procedemento 909/2009 (e acumulado 982/2009), que estima no seu fallo a demanda presentada e, en consecuencia, “...Apreciando a existencia de cesión ilegal e despois de formular as traballadoras a opción a favor de ser persoal da Xunta, condeno ás demandadas a recoñecer ás actoras a condición de persoal laboral indefinido da Xunta de Galicia na Consellería de Medio, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), ..., e a Dña. Cristina Menéndez Montero coa categoría de titulado medio pertencente ao grupo II, categoría 7 do mesmo Convenio e cunha antigüidade dos servizos da Xunta dende 4 de marzo de 2002, e con todos os dereitos e consecuencias inherentes á devandita declaración, incluído o recoñecemento dos devanditos servizos para os efectos de trienios percibidos....”.

### DEMARCAÇÃO GALICIA-SUR (VIGO)

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
Gonzalo Joaquín Gago Torrado	MA.A99.20.000.36560.008	<b>POSTO BASE SUBGRUPO A1</b>	20	C	A1	A1 XERAL	AXG	---	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo

Sentenza do 13.10.014 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 0000027/2013, dispón que “Estimando sustancialmente el recurso de suplicación interpuesto por Don Gonzalo Joaquín Gago Torrado contra la Sentencia de 30.07.2012 del Juzgado de lo Social número 3 de Vigo, dictada en juicio seguido a instancia del recurrente contra la Entidad Mercantil Transformación Agraria Sociedad Anónima, la Entidad Mercantil Tecnología y Servicios Agrarios Sociedad Anónima y la Conselleria de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia, la Sala la revoca, y, con estimación sustancial de la demanda rectora de actuaciones, declaramos la existencia de cesión ilegal de trabajadores y, en lógica consecuencia, condenamos a estar a lo declarado a la Entidad Mercantil Tecnología y Servicios Agrarios Sociedad Anónima y a la Conselleria de Medio Ambiente de la Xunta de Galicia. Queda absuelta la Entidad Mercantil Transformación Agraria Sociedad Anónima.”

NOME	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV.	FORM. PROV.	GRUPO	CORPO/ ESCALA	ADSCR ADM P	TIT ACAD	ÁREA FUNCION	OBSERV
------	-----------------	--------------	------	-------------	-------	---------------	-------------	----------	--------------	--------



Adolfo Méndez Sancho	MA.A99.20.000.36560.023	SUBALTERNO/ A	10	C	AP	A1 XERAL	AXG	---	---	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
<p>Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 16.03. 2012 ditada no Procedemento 1290/2011 (confirmada en suplicación pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 11.04.2014 no recurso de suplicación nº 0002943/2012) que di no seu fallo <i>“Que estimando en parte a demanda interposta por D. Adolfo Méndez Sancho, debo declarar e declaro a súa condición de persoal laboral indefinido da Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Augas de Galicia), coa categoría profesional de ordenanza, grupo V, categoría 3, do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia e con antigüidade do 4 de abril de 2005 e con todos os dereitos e consecuencias inherentes á dita condición e condeno ás empresas Transformación Agraria S.A. e Tecnoloxías y Servicios Agrarios S.A e á Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a estar e pasar polas anteriores declaracións.”</i></p>										

## **D.-ASIGNACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE SINGULARIDADE DE PENOSIDADE E TOXICIDADE AOS POSTOS DA GARDERÍA FLUVIAL DE AUGAS DE GALICIA.**

A gardería fluvial da entidade pública empresarial Augas de Galicia está composta por:

- 1 encargado xeral (Grupo III, categoría 8)
- 8 xefes de equipo (Grupo III, categoría 67)
- 27 gardas de explotación (Grupo IV, categoría 7).

Esta proposta de modificación pretende a inclusión na RPT de Augas de Galicia dos complementos de singularidade de **penosidade e toxicidade** a todos os postos de traballo da gardería fluvial da entidade.

Segundo o artigo 26.3 do **V convenio colectivo único** para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG núm. 213, do 03/11/2008) a perigosidade, toxicidade, penosidade e outras condicións especiais de posto serán efectivas ou ben a partir da súa **inclusión na relación de postos de traballo** ou ben a partir do seu **recoñecemento por sentenza xudicial firme**.

Nos últimos anos, o persoal da gardería fluvial presentou diversas demandas nos xulgados do social, pretendendo o recoñecemento do dereito á percepción dos complementos por resolución xudicial. Ata a actualidade, todas as sentenzas recoñecen o dereito indicado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse a asignación dos complementos de **Toxicidade** e de **Penosidade** aos postos de traballo correspondentes á gardería fluvial da entidade, integrada polas categorías de xefes de equipo, gardas de explotación e encargado xeral, e que se determinan na relación que segue, xa que as especiais dificultades materiais e técnicas que esixe o desempeño das funcións atribuídas aos mesmos, son susceptibles de dita consideración, como está a quedar demostrado nas diferentes sentenzas xudiciais. Ademais, a inclusión



destes complementos na RPT evitaría o pago de atrasos e intereses xudiciais nas sentenzas que aínda están pendentes de resolución co conseguinte aforro.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	OBSERVACIÓNS ACTUAL	OBSERVACIÓNS PROPOSTA
MA.A99.20.000.15001.064	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.065	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.066	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.067	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.074	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.075	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.076	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15001.077	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.061	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.062	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.068	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.069	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.071	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.15770.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.27001.060	ENCARGADO XERAL	B10,B48	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.060	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.061	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.062	XEFE/A DE EQUIPO	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.063	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.064	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.065	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.066	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.067	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.068	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10	B10,B11,B18*
MA.A99.20.000.36560.069	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10,E22	B10,B11,B18 *
MA.A99.20.000.36560.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10,E22	B10,B11,B18 *
MA.A99.20.000.36560.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10,E22	B10,B11,B18,E22*
MA.A99.20.000.36560.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	B10,E22	B10,B11,B18 *

\*B10 Complemento salarial de singularidade por Perigosidade

\*B11 Complemento salarial de singularidade por Toxicidade

\*B18 Complemento salarial de singularidade por Penosidade

\*B48 A reconvertir en Xefe/a de Equipo.

\*E22 Ocupado por "oficial 2ª", Grupo: "IV", Categoría: "18"

### ***E.- CREACIÓN DUN POSTO DE TRABAJO PARA ADSCRIBIR A PERSOAL LABORAL "AO DISPOR"***

Por Resolución do Conselleiro de Facenda de 13 de xaneiro de 2017 execútase con carácter definitivo a sentenza do Xulgado nº 2 de Lugo, nos autos nº 573/2013, e adjudícase con carácter definitivo o posto



MA.A99.20.000.27001.060 (ENCARGADO/A XERAL) na Demarcación das Concas Intercomunitarias de Augas de Galicia en Lugo a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Mar Paz Paz.

Este posto fora ofertado co nº 105 no concurso de traslados de persoal laboral da Xunta de Galicia convocado mediante Orde do 2 de maio de 2012 e adjudicado inicialmente a D. José Luis Chao Enríquez, que logo da execución da sentenza non obtería outro destino.

Ao non existir ningún posto vacante do Grupo III na localidade de Lugo ao que poder adscribilo, a Resolución do 13 de xaneiro de 2017, de acordo co disposto no artigo 7 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, resolve declarar na situación de “ao dispor” ao antedito traballador.

Ao mesmo tempo, faise necesario dotar con máis efectivos á gardería fluvial de Augas de Galicia xa que conta cunha dotación de gardas fluviais totalmente insuficiente para levar a cabo todas as funcións que teñen encomendadas. Ademais, a todas estas funcións, habería que engadir as novas tarefas consecuencia da Directiva Marco da Auga e derivadas da Planificación Hidrolóxica na Demarcación Galicia–Costa, que vai a levar a cabo a gardería fluvial nos vindeiros anos.

Estas novas tarefas consecuencia da DMA, implican a identificación de todos os ríos da Demarcación Hidrográfica e as presións nas concas, para o que fai falta que a gardería fluvial faga unha revisión tramo a tramo, “mapeando” os máis de 14.700 km. de ríos da comunidade nos próximos anos, o que xustificaría a necesidade de crear novos postos nalgunha das categorías que integran a gardería fluvial de Augas de Galicia.

Entre as categorías que integran a gardería fluvial de Augas de Galicia está a categoría 008 Encargado/a Xeral, que era a categoría do posto que inicialmente obtivera o antedito traballador no concurso.

Polo tanto, co fin de corrixir esta situación adscribindo ao devandito traballador “ao dispor” a un posto de traballo e, ao mesmo tempo, dotar con máis efectivos á gardería fluvial de Augas de Galicia, propónse a creación do seguinte posto:

**DEMARCACIÓN CONCAS INTERCOMUNITARIAS (LUGO)**

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	FORM. PROV.	GRUPO/ CATEGORÍA	ADSC R ADM P	TIT ACAD	FORMAC. ESPEC.	OBSERV
MA.A99.20.000.27001.061	<b>ENCARGADO/A XERAL</b>	--	<b>C</b>	<b>III (008)</b>	<b>AXG</b>	---	---	B10 B11 B18



## F. INCORPORACIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala (art. 41.1, último parágrafo) que: “A asignación de especialidades realizarase a través das relacións de postos de traballo, atendendo ás características dos postos”.

Para o cumprimento de dito precepto procédese a adecuar a RPT ás áreas funcionais polas especialidades ou formacións específicas consideradas de utilidade para o desempeño de cada posto, de cara a posibilitar a súa correcta provisión, de conformidade co disposto na Orde do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde do 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.

## G. OUTRAS MODIFICACIÓNS

No listado de equivalencias reflíctense, ademais, os postos afectados por outras modificacións da seguinte natureza:

- Apertura de prazas a outros grupos ou subgrupos, coa finalidade de facilitar a súa cobertura polo maior número de empregados públicos.
- Introdúcense cambios nas denominacións das unidades administrativas de Lugo e Ourense, para adecualas ao disposto no Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.
- Modifícase a denominación dalgúns postos e elimínanse observacións que xa non se corresponden coa actual ocupación dos postos.
- Actualízase a codificación dos corpos e escalas de administración especial para adaptalas á Lei 2/2015, de emprego Público de Galicia.

## H.- AMORTIZACIÓNS

Para o financiamento do posto de Encargado Xeral en Lugo, propónse a **amortización** dos seguintes postos vacantes cuxa cobertura non resulta necesaria para o normal funcionamento dos servizos:

CÓDIGO DE POSTO	CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN ACTUAL	MOTIVACIÓN
MA.A99.20.000.27001.008	DEMARCAÇÃO CONCAS INTERCOMUNITARIAS (LUGO)	DELINEANTE	O posto resultou vacante por xubilación do titular o 04/04/2018, non sendo precisa a súa cobertura.
MA.A99.20.000.15001.078	DEMARCAÇÃO GALICIA-NORTE (A CORUÑA)	TELEFONISTA	O posto resultou vacante por xubilación do titular o 31/12/2018, non sendo precisa a súa cobertura.

Para o financiamento da asignación dos complementos de Penosidade e Toxicidade aos postos pertencentes á Gardería Fluvial de Augas, propónse a **amortización** dos seguintes postos vacantes:



CÓDIGO DE POSTO	CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN ACTUAL	MOTIVACIÓN
MA.A99.20.000.15001.068	DEMARCACIÓN GALICIA-NORTE (A CORUÑA)	GARDA DE EXPLOTACIÓN	O posto está vacante pola excedencia voluntaria por incompatibilidade do titular dende 20/07/2005
MA.A99.20.000.15001.069	DEMARCACIÓN GALICIA-NORTE (A CORUÑA)	GARDA DE EXPLOTACIÓN	O posto está vacante pola renuncia do persoal laboral temporal que o ocupaba o 18/05/2006
MA.A99.20.000.15001.071	DEMARCACIÓN GALICIA-NORTE (A CORUÑA)	GARDA DE EXPLOTACIÓN	O posto está vacante pola renuncia do persoal laboral temporal que o ocupaba o 18/05/2006